



DECLARADA DE UTILIDAD PÚBLICA



Félix Estrada Catoira, 3 Bajo Dcha. 15007 A CORUÑA Teléfono: 981 16 93 36 Fax 981 15 43 16 faxpg@faxpg.es www.faxpg.es

Comunidade educativa do CEIP Gonzalo Torrente Ballester.

A Coruña, 15 de xuño de 2017

Benqueridos/as amigos/as:

En primeiro lugar, quixéramos agradecervos de xeito moi especial a vosa participación no concurso de cancións en lingua de signos “¡Cantamos coas mans!”, que dende a nosa Federación puxemos en marcha para celebrar o Día Nacional das Linguas de Signos este pasado 14 de xuño.

Para a nosa entidade é fundamental a colaboración dos centros de ensino neste tipo de iniciativas, difundindo a lingua de signos e facéndoa chegar aos nenos e nenas, facendo que medren e se fagan persoas adultas sen prexuízos e conscientes da existencia doutras realidades e doutras linguas presentes no seu contorno, como é o caso das persoas xordas e máis da nosa lingua.

Como indicábamos nas bases do devandito concurso, a FAXPG tiña a intención de enviar un pequeno obsequio ao centro que, ao noso parecer, nos fixese chegar a mellor canción.

Sen embargo, dada a grande acollida que tivo esta iniciativa, o número de vídeos recibidos e máis a calidade dos mesmos, finalmente decidimos que fosen tres, no lugar de un, os centros aos que lles enviaríamos un pequeno detalle en agradecemento pola súa participación.

Un deles foi o voso e, como o prometido é débeda, aquí vos enviamos o material de produción propia “Contamos con signos, signamos contigo”, agardando que vos guste, e en lembranza da vosa participación nesta iniciativa.

De novo, moitas grazas pola vosa participación, e recibide un cordial saúdo da nosa parte,

Asdo. Iker Sertucha Lista
PRESIDENTE

Federación de Asociacións de
Persoas Xordas de Galicia

FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA